



GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA

Novelas de carácter científico


| | | |
|-------------------|---|--|
| Título: | Contact |  |
| Autor: | Carl Sagan | |
| Editorial: | Planeta | |
| Recomendado para: | 4ºESO ou xente de 3ºESO con aptitudes para a lectura | |
| Sinopse | A finais dos anos 80 o programa SETI que se dedica á busca de intelixencia extraterrestre recibe un sinal...parece, unha vez descifrado, que indica como construír unha máquina. ¿estaremos sos no Universo? | |
| Comentario | É un libro de <u>355 páxinas</u> , fundamental para os que lle apaixone a ciencia ficción. Carl Sagan escribe con mestría un relato con rigor científico, que invita á reflexión, aproximándose á relixión, aos mitos, ao pensamento científico...imprescindible. | |


| | | |
|-------------------|---|---|
| Título: | La mosca |  |
| Autor: | George Langelaan | |
| Editorial: | Planeta | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | Durante un experimento de transmisión de materia os xenes dun científico mestúranse cos dunha mosca...as consecuencias son desastrosas e dramáticas. | |
| Comentario | Un libro de <u>155 páxinas</u> que relata unha historia que bordea o terror e que amosa as consecuencias que poden ter os experimentos científicos que se quedan fóra de control. A película de David Cronenberg de 1986 baseada neste libro tivo un gran éxito | |


| | |
|-------------------|---|
| Título: | La guerra de los mundos |
| Autor: | H.G. Wells |
| Editorial: | Planeta |
| Recomendado para: | 4ºESO |
| Sinopse | Principios do século XX. Unha invasión extraterrestre de seres tecnoloxicamente máis avanzados ten o obxectivo de exterminar aos seres humanos deste planeta. Case nada será capaz de paralos... |
| Comentario | Esta novela de <u>176 páxinas</u> é outro exemplo máis de como H.G. Wells, un visionario, imaxinou o futuro...Resulta un relato a ratos emocionante e arrepiante. As adaptacións que se fixeron ao cine tiveron bastante éxito pero nada comparable ao relato radiofónico que leu en 1938 Orson Wells, que provocou o pánico entre a poboación norteamericana ao facer crer a millóns de persoas que os estaban a invadir verdadeiros extraterrestres |




| | |
|-------------------|---|
| Título: | ¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas? |
| Autor: | Philip Dick |
| Editorial: | Planeta |
| Recomendado para: | 4ºESO |
| Sinopse | Tras dunha guerra nuclear case non hai animais pola radioactividade existente. Só hai animais eléctricos. Un ex policía, Rick Deckard, debe eliminar a uns androides de última xeración idénticos aos humanos que acaban de chegar á Terra fuxindo dunha colonia espacial. |
| Comentario | Este relato de <u>192 páxinas</u> inspirou a famosa e magnífica película de Ridley Scott "Blade Runner". De novo de nos prantexa un mundo apocalíptico onde non abundan os sentimentos e a tecnoloxía o inunda todo, ata o punto de non ser nada doado saber onde está a fina liña que separa o humano do artificial. A súa lectura tamén é algo difícil e intensa. Só para amantes da ciencia ficción e xente con ganas de que lles debuxen outros mundos, que ao mellor non son tan distantes... |




| | | |
|-------------------|---|---|
| Título: | 1984-El gran Hermano te vigila |  |
| Autor: | George Orwell | |
| Editorial: | planeta | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | <p>Estamos nun mundo futuro, onde todos os movementos están controlados polo GRAN IRMÁN...pero Winston Smith, un funcionario do ministerio da Verdade, rebélase contra o poder establecido.</p> | |
| Comentario | <p>Libro de 283 paxinas, algo difícil de ler, cunha linguaxe especial, un mundo característico, que fai reflexionar sobre o valor do individuo fronte á masa, sobre a importancia dos sentimentos e o pensamento.</p> | |

| | | |
|-------------------|--|---|
| Título: | Un mundo feliz |  |
| Autor: | Aldous Huxley | |
| Editorial: | Plaza y Janés | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | <p>Nunha sociedade futurista os individuos son concebidos en probetas e poden ser de 5 tipos (alfa, beta, gamma, delta e epsilon). Estamos perante un mundo aparentemente feliz, no que non guerras nin pobreza. Pero nel xurden Bernard Marx, un ser inadaptado que pon en dúbida os piares sobre os que se sostén esta sociedade, e John o salvaxe, que personifica a rebeldía fronte a este tipo de relacións humanas.</p> | |
| Comentario | <p>Este denso libro de 256 páxinas relata de modo visionario unha sociedade do futuro gobernada pola xenética e a clonación. Foi escrito en 1932 cando non se sabía case nada de ADN, clonación o enxeñería xenética, o cal de da maior mérito. É unha das obras cumio na literatura científica pero precisa ser lida coa mente aberta e certa predisposición á lectura. Todos os detalles da sociedade que propón e dos dilemas morais que prantexa, son difíciles de asimilar, por iso se recomenda principalmente en 4ºESO, e non para todos...</p> | |

| | | |
|-------------------|---|---|
| Título: | El momento del eclipse |  |
| Autor: | Brian W. Aldiss | |
| Editorial: | Minotauro | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | 14 relatos curtos de ciencia ficción nos que se analiza e reflexiona sobre a condición humana. | |
| Comentario | <p>Esta é unha colección de relatos escritos entre 1967 e 1970, que ocupan unhas <u>242 páxinas</u>, que inclúe un no que está baseada a película de Steven Spielberg "Intelixencia Artificial" A. I.</p> <p>Non apaixona pero pode inducir á reflexión sobre o comportamento humano e a sociedade moderna.</p> | |

| | | |
|-------------------|--|--|
| Título: | La isla del doctor Moreau |  |
| Autor: | H.G. Wells | |
| Editorial: | Alianza | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | Despois dun naufraxio, Edward Prendick é rescatado por un barco e levado ata unha illa onde lle presentan ao Dr. Moreau. Axiña descubre que na illa se están a levar a cabo uns terribles experimentos con animais. | |
| Comentario | <p>Un libro de <u>209 páxinas</u>, inquietante polo tema que trata e a forma en que o trata. Na experimentación científica hai unha fronteira imposta pola nosa moral que non se debe traspasar ¿ou si?, aquí hai opinións para todos os gustos.</p> <p>O protagonista da historia descubre un terrible segredo, convive con el e está a piques de perder a vida por el...todos os sucesos polos que pasa deixan unha profunda pegada na súa personalidade e nada volve a ser igual.</p> <p>Non é un libro fácil pero se queres que te poñan ao límite inténtao.</p> | |

| | | |
|-------------------|---|---|
| Título: | Despertares |  |
| Autor: | Oliver Sacks | |
| Editorial: | Anagrama | |
| Recomendado para: | 4ºESO | |
| Sinopse | <p>Mediados do século XX. Nun hospital aínda quedan bastantes pacientes que sofren a chamada <i>encefalite letárxica</i>, unha enfermidade que deixa ao individuo nun estado case catatónico, como durmido. Pero a administración dun fármaco, a L-Dopa, consegue que DESPERTEN á vida...pero no de xeito permanente...</p> | |
| Comentario | <p>Un libro fermosísimo (moi longo, unhas <u>600 páxinas</u>) onde se mesturan o rigor científico do autor, neurólogo de profesión, cun xeito de escribir moi coidado, onda priman os sentimentos máis que os feitos. Un libro de esperanza, de frustración, de vida, de morte...onde se explora a paisaxe tan inescrutable que é a nosa mente.</p> <p>A película á que deu pé, dirixida en 1990 por Penny Marshall, é unha mestra do cine, cun Robin Williams e un Robert de Niro que se saen. Non podes deixar de vela.</p> | |